

Solucionario fase 3


3. Saltando no planisferio.

3.3. Terceira parada: Delta do Ganxes (tropical húmido - monzónico)

Tarefa sobre clima e ríos

1. OBSERVA

Comenta cos teus compañeiros as precipitacións que reflexa este climograma.



O alumnado debe reflexionar sobre a distribución das precipitacións ao longo dos meses e estacións do ano, chegando ás seguintes conclusións:

A estación máis húmida é o verán, sendo xullo o mes máis chuvioso con 517 mm.

Porén o mes máis seco é o mes de abril con 2mm de mínima.

Tamén poden comparar a distribución das precipitacións coas que se dan na propia zona.



2. REFLEXIONA

Coa axuda dos teus compañeiros/as determina sobre que característica ou características dos ríos influirán as precipitacións monzónicas.

As precipitacións influen sobre o caudal, e afectan ao réxime dos ríos. Tamén poden influir sobre a erosión que producen os ríos e, polo tanto, na formación dos deltas.

3. LAPBOOK

O lapbook poderá ter un aspecto similar a estes exemplos:



Tarefa sobre educación vial

2. DEBATIDE NA CLASE SOBRE A NECESIDADE DE RESPECTAR AS NORMAS PARA VIVIR NUNHA SOCIEDADE MELLOR.

As normas existen para organizar a convivencia e garantir que todos poidamos vivir en harmonía. Se non as respectamos, a sociedade podería converterse nun caos.

1. Por que son necesarias as normas?

- Permiten que haxa orde e seguridade.
- Axudan a garantir dereitos e responsabilidades.
- Evitan conflitos e inxustizas entre as persoas.

2. Que ocorre cando non se respectan?

- Se ninguén respecta as normas de tráfico, habería máis accidentes.
- Se non cumprimos as normas escolares, habería desorde na clase e sería difícil aprender.
- Se non coidamos o medio ambiente, acabaríamos sufrindo contaminación e outros problemas.

3. SODES QUEN DE FACER UNHA LISTAXE DE NORMAS DE CIRCULACIÓN PARA ENVIAR A BEGUN E SOLUCIONAR O PROBLEMA NAS GRANDES CIDADES?

O alumnado deberá poñer en común normas relativas á seguridade viaria. Por exemplo:

- Os peóns deben cruza polos pasos de cebra ou de peóns.
- Antes de cruzar á outra beirarrúa debemos mirar a esquerda e dereita.
- Debemos respectar as cores dos semáforos.
- É importante observar as indicacións dos axentes de tráfico.
- Son importantes as normas de prelación ao utilizar as rotondas.

3.6. Volta á casa (Oceánico).

INVESTIGACIÓN DOCUMENTAL

O alumnado debe buscar información sobre os seguintes aspectos de cada un dos elementos do ecosistema e tamén sobre a acción e pegada humana:

Biotopo

1. Costa: Pensade se a vosa zona de costa é alta con montañas próximas que forman cantís ou baixa con praias. Desemboca algún río cerca? Hai algunha ría? Haia algunha illa cercana á costa?
2. Interior: é unha zona chaira, con outeiros ou hai algún macizo montañoso?
3. No caso de ter haber algún río cercano, investigade se é un río principal ou un afluente e que parte do curso do río discurre pola vosa zona.

Biocenose

1. Animais terrestres
2. Animais acuáticos (tanto marinos coma fluviais)
3. Animais aéreos

Medios de transporte

Se hai algún medio de transporte característico da zona, tipo embarcacións de pesca de baixura, pódese afondar sobre o tema.

Pegada ecolóxica humana

1. Parques eólicos e o efecto dos aeroxeradores sobre a biodiversidade.
2. Caza, pesca e marisqueo furtivo e a necesidade de regulalo por medio de normas.
3. Verteduras contaminantes ás augas (fluviais ou mariñas) de fábricas, granxas, ou outras procedencias.